



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

SECCIÓN DE PERCORRIDOS DE TIRO

NORMAS PARA O ANO 2026

Aprobadas na Asemblea Xeral do 30 de decembro de 2025

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

NORMAS PARA A PRÁCTICA DE PERCORRIDOS DE TIRO

CONSIDERACIÓNS XERAIS:

As competicións de percorridos de tiro rexeranse polos regulamentos técnicos oficiais de IPSC en vigor.

Ademais das normas vixentes de IPSC a FEGATO, como organizadora das competicións no ámbito autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o seu mellor desenvolvemento. De producirse esta circunstancia informárase coa suficiente antelación.

A clasificación da tirada realizarase co programa informático da Federación Internacional de IPSC ou, no seu defecto, por calquera outro contrastado polo Comité Técnico da FEGATO.

A FEGATO conta cun Vicepresidente de Percorridos de Tiro, como Delegado para o seguimento desta especialidade deportiva.

Considerando que as disposicións legais en materia deportiva atribúen ás Federacións Autonómicas a potestade de promocionar e controlar dentro da súa demarcación territorial o deporte que rexen e regulado polas Federacións Deportivas Españolas, as actividades da modalidade de Percorridos de Tiro tamén estarán suxeitas ós mesmos controles.

Na organización das Competicións Oficiais da FEGATO, rexen as normas establecidas na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Calquera imprevisto ou circunstancia non contemplada nesta normativa, será sometida a valoración e resolución por parte do Comité Técnico de RRTT.

CLUBS:

Os clubs interesados na práctica desta modalidade deberán estar adscritos á FEGATO e inscritos no Rexistro Nacional de Clubs ademais de posuír a habilitación federativa. Solicitar esta habilitación federativa implica ter acreditada a práctica das modalidades da ISSF.

Todos os clubs rexistrados e habilitados para exercer as actividades de percorridos de tiro deberán coñecer e acatar as normas e regulamentos vixentes para esta modalidade.

Obrigatoriamente terán contratado un seguro con cobertura de responsabilidade civil e danos a terceiros

ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS:

Os clubs que desexen organizar competicións desta modalidade, ademais de cumprir coas condicións expostas nos apartados anteriores, deberán enviar con tempo suficiente, en calquera caso *nunca será inferior a un mes* antes da celebración da proba, unha copia completa do programa que se vai realizar, no que deben figurar:

- Os exercicios que se van realizar co seu esquema
- Nome do director da competición e relación de árbitros propostos
- Formulario de inscrición e de reclamación
- O prazo límite de inscrición e todas as demais especificacións necesarias para a realización da competición.

Unha vez examinada pola Comisión técnica da FEGATO comunicárase, no prazo máximo de dez (10) días, a aceptación da proba e do programa, coas modificacións precisas se has houbera, atendendo sempre á súa adecuación ó regulamento e ós puntos de vista da seguridade.

Encargarase tamén de enviar unha copia do programa da Tirada á FEGATO para que sexa difundido entre os clubs.

LICENZA FEDERATIVA:

No que á xestión das licenzas federativas se refire, os clubs, tramitarán as licenzas dos seus tiradores, recibindo 3€ por cada licenza de pago xestionada antes do 1 novembro.

Os tiradores que non pertencen a ningún club (independentes) tramitarán a súa licenza federativa desde a páxina web da Federación. Para participar en competicións de IPSC, tendrán que facer o curso con un adestrador especialista en Recorrido de tiro e pagar as taxas unha vez aprobado.

CARNE HABILITANTE PARA A MODALIDADE DE PERCORRIDOS DE TIRO:

A RFEDETO aprobou que, para a práctica da modalidade de PERCORRIDOS DE TIRO, será necesario un “Carné Habilitante Nacional” cuxo custo será de cinco (5,00) euros anuais, e que obterase despois de realizar un “Curso de Iniciación a Práctica de Percorridos de Tiro”. Este curso será impartido por un Adestrador Nacional Especialista en Percorridos de Tiro debidamente acreditado pola RFEDETO, e terá unha duración mínima de 30 horas presenciais, 10 horas teóricas e 20 horas prácticas, podendo ser ampliadas a xuízo do adestrador; os temas básicos a tratar serán os seguintes:

- Seguridade e manexo das armas de fogo
- Regulamento para competicións de arma curta
- Regulamento para competicións de arma longa
- Normas técnicas da modalidade
- Prácticas con armas de fogo

O temario, será similar ao que figura no B.O.E nº 53, do venres 3 de marzo do 2017, Resolución do 20 de febreiro da Presidencia do Consello Superior de Deportes, no seu bloque Específico, que constará do seguinte, tanto en Arma Curta como en Arma Longa: Técnicas de percorridos de tiro; Regulamentos en vigor de percorridos de tiro; Prácticas de percorridos de tiro.

Os cursos de habilitación de novos deportistas poderán ser supervisados en calquera momento, tanto polos técnicos da FEGATO, como polos técnicos da Escola Nacional de Tiro da RFEDETO.

Para obter a habilitación nacional en percorridos de tiro con arma longa, será imprescindible que o deportista, previamente, teña realizado e aprobado o curso de habilitación nacional de percorridos de tiro con arma curta, e aprobado o exame de arma longa GC.

A FEGATO, na súa páxina web deixará a disposición dos adestradores o manual básico de formación cos temas anteriores, que entenderase como o mínimo indispensable, podendo ser ampliado polo adestrador.

Os tiradores que desexen asistir ós cursos de iniciación á práctica de percorridos de tiro teñen que dirixirse ao club organizador, e deben estar inescusablemente en posesión do correspondente permiso de armas (cunha antigüidade mínima de tres meses), e da licenza federativa expedida pola FEGATO, salvo os titulares de permiso de armas tipo «A», é dicir, Forzas e Corpos de Seguridade e Forzas Armadas, que unicamente deberán estar en posesión da licenza federativa.

Con anterioridade ao inicio do curso, o adestrador ou o club organizador, deberán comunicar a FEGATO a data de inicio, o listaxe de participantes e o nome adestrador que o impartirá. A FEGATO comprobará que tanto os participantes como o adestrador teñan licenza federativa en vigor, contestando afirmativa ou negativamente antes do inicio do curso.

Dentro das prácticas do curso, os tiradores deberán asistir obrigatoriamente a dúas competicións programadas como tiradas sociais do club, sempre baixo a supervisión do seu adestrador. Se o adestrador considerara que estas prácticas realizadas non foron suficientes para algún tirador, poderá requirirle a realización de varias máis, a fin de que o aspirante logre a destreza e seguridade necesarias. O adestrador sempre deberán adoptar aquelas medidas que garantan a adecuada capacitación dos seus tiradores, acorde coas directrices emitidas polo Comité de Formación e Escola Nacional de Técnicos Adestradores.

Ó rematar o curso o adestrador ou o club organizador remitirán á FEGATO os certificados de habilitación na modalidade daqueles tiradores que resultaran aptos, en formato oficial, publicado como tal na web da RFEDETO, e debidamente asinados polo adestrador e polo presidente do club; a FEGATO xerará entón as habilitacións correspondentes, tras abonar os tiradores os 5 € preceptivos.

Unha vez obtido o Carné Habilitante Nacional, bastará con pagar os 5 € anuais correspondentes para mantelo; estes 5 € deberá abonalos o tirador ó seu club, xunto co importe da licenza federativa, para que o seu club lle tramite ambas cousas ó mesmo tempo. Na licenza federativa aparecerá reflexado se o tirador dispón do carnet habilitante.

A FEGATO remitirá a RFEDETO a lista de tiradores que están en posesión do Carné Habilitante Nacional, xunto co canon de 5 € por cada tirador, nos prazos indicados no Regulamento de Licenzas, e remitiralle tamén os certificados de aptitude de aqueles tiradores que superaran o Curso de Iniciación a Práctica de Percorridos de Tiro.

Para non perder o Carné Habilitante Nacional, recoméndase acudir a tiradas de percorridos de tiro á menos unha vez o ano.

Os clubs, interesados en organizar cursos de Xuez-Árbitro Nacional, ou Técnico e Adestrador Nacional, deberán solicitalos con antelación suficiente ante a FEGATO, proponendo unhas datas iniciais de celebración. Posteriormente, o noso comité técnico de RRTT, contactará co responsable da Escola Española de Tiro da RFEDETO, a fin de lograr a súa autorización e de comprobar si efectivamente

pódese levar a cabo en ditas datas, ou deberían resultar modificadas.

A FEGATO, denegará e prohibirá a celebración de calquera curso de formación nacional que non se encontre previamente autorizado pola Escola de Tiro da RFEDETO, ou os seus órganos directivos.

PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS EXTRANXEIROS

A participación de deportistas extranxeiros nas Competicións Oficiais rexirase, ademáis do establecido no Regulamento de Réximen Interior, polos seguintes apartados:

Deportistas Residentes en España:

A súa participación queda condicionada ós mesmos requisitos esixidos ós tiradores galegos: licenza federativa do ano do curso, licenza de armas en vigor, etc.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campións, subcampións ou terceiro, pero aparecerán na acta de resultados no posto que obtiveron.

Estarán en posesión do carné habilitante para a modalidade de PERCORRIDOS DE TIRO da RFEDETO.

Deportistas Non Residentes en España:

A) Comunitarios: Poderán participar en competicións oficiais, tanto a título individual como formando parte de equipos de clubs en aqueles casos que a lexislación particular o permita, sempre que demostren a súa afiliación a Entidade Deportiva que desexen representar e estean en posesión da licenza federativa e da licenza de armas.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campión, subcampión ou terceiro, pero aparecerán na acta de resultados no posto que obtiveron.

Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario obter autorización das autoridades españolas para a entrada e saída das armas.

B) No Comunitarios: Non poderán participar en competicións oficiais de ámbito estatal. Exclusivamente e dentro de acordos puntuais, poderase permitir a participación de extranxeiros non comunitarios e non residentes fora de concurso e previa invitación da FEGATO, tendose en conta en cada momento o principio de reciprocidade internacional.

Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas ou en caso contrario, obter permiso das autoridades españolas para a entrada e saída das súas armas.

MODALIDADES DE IPSC

Para dar cumprimento á Orde INT/96/2022, do 11 de febreiro, publicada no BOE o mércores 16 de febreiro de 2022, Sec. I Páx.19532, consideraranse as diferentes modalidades de tiro de IPSC cas súas correspondentes armas de concurso especificadas nos anexos dos diferentes regulamentos técnicos de cada modalidade. Ditas armas estarán suxeitas ao cumprimento obrigado do “Regulamento de Armas” de España.

Modalidades:

- ACTION AIR:

Reconoceranse as seguintes división:

- OPEN
- STANDARD
- CLASICC
- PRODUCTION

- ARMA CORTA:

Reconoceranse as seguintes división:

- OPEN
- STANDARD
- OPTICS
- CLASIC
- PRODUCTION

- PRODUCTION OPTICS

- MINIRIFLE:

Reconoceranse as seguintes división:

- OPEN
- STANDARD

- ESCOPETA:

Reconoceranse as seguintes división:

- OPEN
- STANDARD
- STANDARD MANUAL

CATEGORIAS DE TIRADORES

As categorías individuais aprobadas para recoñecemento por División son as aprobadas pola IPSC, cuxo regulamento rexe a nosa modalidade, sendo as seguintes:

- A) Dona, competidores do xénero feminino.
- B) Súper Junior, competidores/as que teñen menos de 16 anos de idade o primeiro día da competición. Un Súper Junior ten a opción de participar como Junior, pero non en ambas. Se non hai suficientes competidores para que a categoría Súper Junior sexa recoñecida, os competidores rexistrados nesta categoría serán transferidos automaticamente á categoría Junior. (Esta categoría só será recoñecida na modalidade de Action Air).
- C) Junior, competidores/as que teñen menos de 21 anos de idade o primeiro día da competición.
- D) Overall (anteriormente clasificación xeral ou sénior), competidores con menos de 50 anos o primeiro día da competición.
- E) Senior (antes Veterano), competidores que teñen cumpridos os 50 anos de idade o primeiro día da competición.
- F) Súper-Senior (antes Súper-veterano), competidores que teñen cumpridos os 60 anos de idade o primeiro día da competición. Un Súper-Senior ten a opción de participar como Senior, pero non en ambas. Se non hai suficientes competidores para que a categoría Súper-Senior sexa recoñecida, os competidores rexistrados nesta categoría serán transferidos automaticamente á categoría Senior.
- G) Grand-Senior, competidores que teñen cumpridos os 70 anos de idade o primeiro día da competición. Un Grand-Senior ten a opción de participar como Súper -Senior, pero non en ambas. Se non hai suficientes competidores para que a categoría Grand-Senior sexa recoñecida, os competidores rexistrados nesta categoría serán transferidos automaticamente á categoría Súper-Senior.

CONTROIS ANTIDOPAXE

Todas as competicións organizadas pola FEGATO poderán estar suxeitas aos controis antidoping que determine o organismo competente en cada momento. A participación na competición leva implícita a obrigação do tirador de someterse a estes controis cando fosen designados para iso.

Reitérase o risco existente de doping positivo ante o posible uso de calquera substancia incluída nas listaxes de fármacos prohibidas, con especial fincapé no cánnabis e derivados, así como os produtos adelgazantes, suplementos vitamínicos etc. de venda en herbolarios ou liñas de distribución, non incluídos na sanidade pública oficial.

A comunicación previa do emprego dunha medicación prohibida non exime de posibles riscos de sanción por un resultado positivo.

Lémbrese a prohibición de consumir bebidas alcohólicas durante a competición a todos os tiradores, árbitros e organización participantes na mesma.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS, FINAIS E NACIONAIS

Celebrarase o campionato Galego y Provincial de cada unha destas divisións, sempre que haxa (inscritos) un mínimo de tres (3) participantes en cada unha delas.

As competicións de IPSC rexeranse, no concerninte a idade de cada Clase, polo seu regulamento.

TROFEOS:

Establécense os seguintes trofeos, mínimos atendendo o nivel de participación :

INDIVIDUAL :

- | | |
|---------------|-------------------|
| • 1º, 2º e 3º | Medalla y diploma |
| • 4º, 5º e 6º | Diploma |

EQUIPOS:

- | | |
|---------------|---------|
| • 1º, 2º e 3º | Diploma |
|---------------|---------|

A organización, ademais dos anteriores, poderá establecer os trofeos de cortesía que considere oportunos.

Ó rematar a competición procederase á entrega dos trofeos.

COMPETICIÓN:

Antes do comezo da competición deberase expoñerlles en lugar visible e accesible a todos os participantes a seguinte información:

- Identificación do Mach director, do Ranger Master, dos Ranger Officers designados e do Delegado Federativo da FEGATO
- Relación de participantes e composición das escuadras.
- Relación dos equipos e os seus compoñentes.
- Cadro de distribución de escuadras por Stages e horarios de comezo.
- Composición do xurado de competición.

INSCRICIÓN (Campionatos Provinciais e Galego):

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá a FEGATO (tanto as individuais como as de equipos), a través da aplicación correspondente ou por email (licencias@fegato.es), no caso de non ser posible o uso da aplicación. A FEGATO comprobará os datos dos inscritos e enviará a relación dos tiradores que reúnen as condicións esixidas para a súa participación ao club organizador e as publicará na súa páxina web.

O prazo de inscrición remata o luns da mesma semana da proba, ás 13.00 horas. Unha vez rematado o prazo non será posible realizar inscrición ningunha.

As cotas de inscrición, individuais e por equipos, serán fixadas polo club organizador e o seu importe estará en función dos gastos que se orixinen debido ás características da montaxe, o número de exercicios do Percorrido, os de organización, persoal de apoio e trofeos.

Os gastos, que serán por conta do club organizador, serán aboados con cargo ós ingresos por inscricións.

Para o non contemplado nestas e como ampliación delas estarase ó disposto nas:

- Reglas da INTERNATIONAL PRACTICAL SHOOTING CONFEDERATION (I.P.S.C.)
- Normas técnicas para a práctica de Percorridos de Tiro de RFEDETO.

CAMPIONATOS AUTONÓMICOS / CAMPIONATO GALEGO:

Os clubs para poder organizar o Campionato Autonómico / Galego deberán estar inscritos na FEGATO e ter abonado o canon federativo do ano en curso.

Os clubs poderán presentar tantos equipos como desexen.

Para formar parte dun equipo os tiradores terán que estar inscritos no campionato de forma individual.

Os tiradores que participen só poderán representar o club que figure na súa licenza federativa.

Soamente haberá unha clasificación por equipos de cada división.

Para que se leve a cabo terá que haber inscritos como mínimo tres equipos de clubs.

AXUDAS NO CAMPIONATO GALEGO:

No campionato Galego establécense, sempre que haxa unha participación mínima de 10 tiradores ou máis, as seguintes axudas por División:

- Primeiro clasificado: 90,00 €
- Segundo clasificado: 75,00 €
- Terceiro clasificado: 50,00 €

AXUDAS PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE PERCORRIDOS DE TIRO

FORMACIÓN DE EQUIPOS

1. INSCRICIÓN (Fases da Copa Presidente e Campionato de España):

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá á FEGATO a través da aplicación correspondente ou por email (licencias@fegato.es), no caso de non ser posible o uso da aplicación. A cota de inscrición abonarase na conta bancaria da FEGATO número ES83 2080-5500-4130- 4011-3430 (Abanca).

Deberanse formalizar as inscricións na FEGATO 24 horas antes de que finalice o prazo sinalado pola RFEDETO para ás Federacións Autonómicas

Para o non contemplado nestas e como ampliación delas estarase ó disposto nas:

- Regras da INTERNATIONAL PRACTICAL SHOOTING CONFEDERATION (I.P.S.C.)
- Normas técnicas para a práctica de Percorridos de Tiro de RFEDETO.

2. FORMACIÓN DE EQUIPOS E AXUDAS PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

As axudas programadas para as distintas probas dun campionato non serán acumulables, obtendo o tirador a de maior contía. A única excepción a esta norma son as medallas individuais, que cobraranse sempre.

2.1. AXUDAS INDIVIDUAIS

Os tiradores que nos Campionatos de España acaden unha medalla a nivel individual recibirán as axudas seguintes:

Medalla de Ouro	100,00 €
Medalla de Prata	75,00 €
Medalla de Bronce	50,00 €

2.2. AXUDAS EQUIPOS

A FEGATO, sempre que o estime conveniente, en base ó nivel dos posibles asistentes e si as condicións económicas o permitan, enviará un (1) equipo galego que represente a Galicia nos campionatos de España.

Para poder formar parte do equipo Galego os tiradores deberán ter a mesma categoría deportiva na RFEDETO

que na FEGATO, de non ser así non serán seleccionados para a formación de equipos galegos nos campionatos nacionais.

Na modalidade de Handgun (pistola), para formar equipo que represente a esta Federación nos Campionatos de España nas distintas divisións terán que participar, no Campionato galego, un mínimo de 10 tiradores en cada división, e terá que haber a lo menos 3 tiradores nesa división que superen as seguintes porcentaxes (BAREMO “B”):

- Open 80 % de efectividade
- Estándar o 80 % de efectividade
- Optit 80% de efectividade
- Producción o 80 % de efectividade
- Producción Optit 80% de efectividade
- Clásica o 80 % de efectividade

Para a modalidade de Shotgun (escopeta), tendo en conta que a participación estimada durante o ano 2026 non permite una correcta selección por competencia directa, a formación de equipos quedará a decisión do Vicepresidente da modalidade.

Os equipos da FEGATO estarán compostos por catro tiradores e formaranse da seguinte maneira: os compoñentes serán os tres primeiros clasificados coas puntuacións máis altas na fase final do Campionato Galego e o cuarto compoñente designarase a criterio da FEGATO.

A cota de inscrición individuais e por equipos dos compoñentes dos equipos galegos será con cargo á FEGATO.

Un tirador representará a Galicia cando así o propoña a FEGATO mediante a súa inscrición oficial.

Os compoñentes do equipo galego participantes no Campionato de España representando a Galicia terán as seguintes bolsas de axuda para desprazamentos e estancias:

Na Comunidade Autónoma	100,00 €
Ata 300 km (a contar dende a sede federativa)	270,00 €
De 301 a 600 km (a contar dende a sede federativa)	300,00 €
De 601 a 900 km (a contar dende a sede federativa)	330,00 €
Máis de 900 km (a contar dende a sede federativa)	400,00 €

2.2.1. FORMACIÓN EQUIPOS INCOMPLETOS

No caso de que só “un” ou “dous” tiradores cumpran coas condicións do punto anterior, a FEGATO podería completar o equipo cos tiradores inscritos que teñan o máximo porcentaxe aínda que non alcanzasen o esixido no BAREMO “B” mencionado no apartado anterior.

A estes tiradores, que completan o equipo, abonaráselles o importe das inscricións e no caso de que o equipo consiga algunha medalla se lles daría, sempre que haxa polo menos tres equipos doutras autonomías, a axuda seguinte:

- Medalla de Ouro	100,00 €
- Medalla de Prata	75,00 €
- Medalla de Bronce	50,00 €

2.2.2. FORMACIÓN EQUIPOS A PETICIÓN PROPIA

A FEGATO, a petición dos tiradores inscritos, poderá formar equipos que a representen nos Campionatos de España.

Os tiradores interesados, e que cumpren as condicións xerais para formar equipo, deben solicitar por escrito a súa vontade de formar equipo sabendo que non teñen dereito a axuda.

A FEGATO só aboará os gastos de inscrición dos equipos. En caso de conseguir algunha medalla se lles daría, a cada un dos compoñentes, sempre que haxa polo menos tres equipos doutras autonomías, as axudas seguintes:

- Medalla de Ouro	100,00 €
- Medalla de Prata	75,00 €
- Medalla de Bronce	50,00 €

2.2.3. CONSIDERACIÓNS

As inscricións de equipos deben ter entrada antes das 13 horas do día que finalice o prazo de inscrición na FEGATO (24 horas antes do peche na REFEDTO). Despois deste prazo os equipos que se inscriban non recibirán axuda da FEGATO.

A negativa a formar equipo sen causa xustificada ou o incumprimento das normas anteriores suporá a non percepción da axuda correspondente así como o veto para formar equipos que representen a Federación Galega de Tiro Olímpico.

2.3. OUTRAS AXUDAS

Na Copa Presidente percibirán axuda os que a final destas cumpran as seguintes condicións:

- 400,00 € - os que asistan a catro *fases no ano en curso e, ademáis, obteñan podio no menos en tres delas (sempre que haxa un número mínimo de 5 tiradores) ou queden no Ranking Nacional entre os oito primeiros postos, ano en curso.
- 300,00 € - os que asistan a tres *fases no ano en curso e, ademáis, obteñan podio en, no menos en dúas delas (sempre que haxa un número mínimo de 5 tiradores) ou queden no Ranking Nacional entre os oito primeiros postos, ano en curso.

(*nas fases conta o campionato de España)

2.4. AXUDAS O DELEGADO FEDERATIVO

De non acudir o Presidente ou Vicepresidente da Sección de Percorridos de Tiro, a FEGATO poderá, ao seu criterio, nomear a un Delegado Federativo que a represente no campionato designado coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición deberá, á maior brevidade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato para constancia da FEGATO.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, aboaráselle unha axuda de custo reducida por cada día de competición mais outro polo día anterior ó inicio da Competición.

De non ir formando parte do equipo, aboaráselle, ademais, os gastos de desprazamento.

2.5. NOTAS FINAIS

A xunta directiva da FEGATO, previa aprobación da comisión delegada, poderá aumentar ou diminuír as axudas segundo as disposicións económicas.

Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de axuda, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no Artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

Os tiradores que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán utilizar, cando a teñan, a uniformidade tanto a nivel individual como por equipos, finalizar a competición e no caso que resulte clasificado esperar á entrega de trofeos e recibir a honra que lle corresponda. De non facelo así se entenderá que renuncia á axuda.

CAMPIONATOS INTERPROVINCIAIS

Nestos campionatos poderán participar todos os tiradores en posesión da licenza federativa do ano en curso, que teñan licenza de armas tipo “F” e que estén habilitados para a práctica de percorridos de tiro.

Estas competicións son válidas para a renovación da licenza de armas tipo "F" e para o ascenso de 3ª a 2ª categoría.

Cada club poderá solicitar a celebración de dous Campionatos Interprovinciais no ano en curso.

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá a FEGATO a través da aplicación correspondente ou por email (licencias@fegato.es), no caso de non ser posible o uso da aplicación. A FEGATO comprobará os datos dos inscritos e enviará a relación dos tiradores que reúnen as condicións esixidas para a súa participación ao club organizador e as publicará na súa páxina web.

O prazo de inscrición remata 6 días (naturais) antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 18,00 horas. Unha vez rematado este prazo non será posible realizar inscrición ningunha.

As cotas de inscrición, individuais e por equipos, serán fixadas polo club organizador e o seu importe estará en función dos gastos que se orixinen debido ás características da montaxe, o número de exercicios do Percorrido, os de organización, persoal de apoio, etc.

Os gastos, que serán por conta do club organizador, serán aboados con cargo ós ingresos por inscricións.

Para que un tirador que participou nun destes campionatos poida ascender de 3ª a 2ª categoría debe cumprirse o seguinte:

- que participaran polo menos 4 tiradores máis na mesma división
- que o tirador obtivera a puntuación establecida no baremo de ascenso (última páxina da normativa)

BAREMOS

BAREMO DE PUNTUACIÓNS PARA ASCENDER OU RENOVAR LICENZAS “F” DE 2ª, OU 1ª CLASE

2ª CLASE		1ª CLASE	
DENDE	ATA	DENDE	ATA *
40,00%	59,99%	60,00 %	100,00%

Coa publicación destas normas técnicas do 2026, quedan derogadas todas as anteriores disposicións de igual índole que as contraveñan, entrando en vigor efectivo o día 01 xaneiro

**A Coruña, novembro de 2025. Área Técnica de Percorridos de Tiro
FEGATO**